

Adaptación da programación didáctica

Curso 2019-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ceip Plurilingüe Condessa de Fenosa
Cod.: 32015116
O Barco de Valdeorras (Ourense)
Curso 1º de primaria

Índice

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	1
Lingua Galega e Castelá.....	1
Matemáticas.....	2
Ciencias Naturais.....	3
Ciencias Sociais.....	4
Lingua Estranxeira (Inglés).....	6
Avaliación e cualificación.....	7
Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	8
Información e publicidade.....	9

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Dadas as especiais características deste curso 2019-2020 por mor da pandemia global de coronavirus e das medidas de prevención adoptadas, os obxectivos do curso han ser modificados no senso de que os estándares que se ían traballar durante o terceiro trimestre do curso quedan adiados para o comezo do vindeiro ano escolar e o período posterior ao 13 de marzo non terá repercusión negativa na valoración do alumnado.

Neste sentido os criterios de avaliación e os estándares que se empregarán son:

LINGUA GALEGA E CASTELÁ

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Adiado ao primeiro trimestre 2020-21
É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación.		
Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.		
Utiliza vocabulario axeitado a súa idade.		
Mostra interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación axeitada.		
Participa activamente en diversas situacións de comunicación, respectando as normas socio-comunicativas.		
Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá.		
Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.		
Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
Escoita e reproduce textos procedentes da literatura oral castelá e galega.	LCB1.2.1 LGB1.10.2 LGB1.5.3	X

Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafo-motores e grafías da lingua en palabras significativa.		
Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	LCB4.4.1 LGB4.1.2	X
Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.		
Le con pronunciación e entoación axeitada textos sinxelos, adaptados á súa idade, breves e de diferentes tipoloxías, extraendo a información máis relevante dos mesmos.		
Escrebe correctamente textos sinxelos, breves e adaptados á súa idade, aplicando as normas básicas da ortografía.		
Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	LCB4.1.1 ILGB3.1.1	X
Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.	LCB4.6.1 LGB4.1.2	X
Utiliza tempos verbais (presente, pasado e futuro) en textos sinxelos.	LCB4.1.7	X
Iníciase na utilización de programas informáticos de procesamento de textos.	LCB4.5.1 LGB3.4.1	X

MATEMÁTICAS

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Adiado ao primeiro trimestre 2020-21
É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación.	MT1.2.1	
Le, escribe e ordena os números do 0 a 99, recoñecendo os signos <, > e =.	MT2.1.1	

Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	MT2.2.2 – MT2.2.3.	
Utiliza os números ordinais ata o décimo. •Fai sumas con e sen levadas, colocando ben os sumandos.	MT2,2,1	
Fai restas sen levadas, colocando ben os termos da resta.	MT2.3.1	X
Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	MTB2.3.2	X
Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	MTB1.1.1	
Realiza comparacións de peso, capacidade, cantidade entre obxectos de uso habitual.	MTB3.1.1	
Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.	MTB3.2.1	
Cóñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5, 10, 20 e 50).	MTB3.4.2	X
Describe a situación dun obxecto en relación a un mesmo e en relación aos obxectos,utilizando os conceptos: esquerda/dereita, diante/detrás, arriba/abaixo, preto/lonxe e próximo/afastado.	MTB3.5.1	X
Recoñecemento das formas xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.	MTB4.1.1	
Interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.	MTB4.2.1	
	MTB5.1.2	

CIENCIAS NATURAIS

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Adiado ao primeiro trimestre 2020-21
------------------------	-------------------------	--------------------------------------

Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes.	CNB1.1.1	X
É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación.	CNB1.1.1	X
Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa.	CNB1.2.1	
Coñece as principais partes do corpo.	CNB2.1.2	
Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CNB2.1.3	
Mostra aceptación e respecto polas diferencias individuais e dos compañeiros.	CNB2.1.1	
Relaciona a vida saudable cunha alimentación axeitada, co exercicio e a hixiene.	CNB2.2.1	
Explica as diferenzas entre plantas e animais.	CNB3.1.3	
Amosa condutas de respecto e coidados cara os seres vivos.	CNB3.1.3	
Pon en práctica medidas de protección medioambientais na escola.	CNB3.1.1	
	CNB3.1.3	
	CNB4.1.2	X
	CNB4.1.1	X

CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Adiado ao primeiro trimestre 2020-21
------------------------	-------------------------	--------------------------------------

Iníciase na recollida de información a través da observación, a experimentación e o emprego das TIC, obtendo conclusións sinxelas e comunicándoas a través de imaxes, debuxos e outras fontes.	CSB1.1.1	
É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación.	CSB1.1.2	
Participa dentro do grupo de maneira responsable, solidaria e respectuosa.	CSB1.2.1	
Recoñece a importancia da auga na vida de todos os seres vivos, distinguindo os tres estados no que esta aparece na natureza, así como a importancia do ciclo da auga.		X
Recoñece a importancia do aire na vida dos seres vivos.	CSB2.2.1 CSB2.3.1	
Recoñece a importancia do sol para a vida.	CSB2.6.1	
É consciente da importancia da conservación da natureza e identifica algunha medida para evitar a contaminación do medio.	CSB2.9.1	
Recoñece fenómenos metereolóxicos diversos.		X
Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite.		X
Diferencia entre elementos da paisaxe natural e humana.	CSB2.8.1	
Distingue nocións básicas de parentesco.	CSB4.2.1 CSB3.1.1	
Respecta as normas de convivencias establecidas na familia e na escola.	CSB3.2.1	
Diferencia distintos tipos de vivenda, identifica as partes da casa e o uso que se fai de cada unha delas.	CSB3.4.1	
Coñece os principais medios de comunicación e transporte e as súas características.		X
Coñece as sinais de tráfico máis importantes e respecta as normas básicas de actuación.		X

Coñece as principais características dos seres vivos.		X
Diferencia e nomea as partes dunha planta e coñece as funcións máis importantes.		X
Ordena correctamente feitos da súa historia persoal.		X
Coñece os días da semana e os meses de ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	CSB4.3.1, CSB3.8.1	

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Adiado ao primeiro trimestre 2020-21
Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breves e sinxelos.		
Comprende vocabulario moi elemental sobre temas familiares.		
Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica.		
Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos.	PLEB1.3	X
Reproduce comprensiblemente cancións e rimas moi sinxelas e breves.		
Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.		
Comprende a idea principal dunha historia moi elemental.		
Comprende e usa adecuadamente vocabulario básico.		
Coñece algúns aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.		

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<u>Procedementos:</u> • Traballos monográficos, • resolución de exercicios, • probas orais, • mapas conceptuais. • Outros.	
	<u>Instrumentos:</u> • Escalas de observación, • análise de traballos, • probas específicas, • diario de clases (videoconferencias)	
Cualificación final	Consecución de obxectivos	40%
	Esforzo, participación	30%
	Resultados das probas escritas ou orais de avaliación	15%
	Presentación e orde nos traballos	15%

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Actividades		as propostas de traballo tentarán ser lúdicas, motivadoras e competenciais, dando oportunidade a múltiples formas de presentación e expresión. Buscar tarefas que impliquen un produto final. Procurar non abafar ao alumnado e as familias con excesiva cantidade de tarefas, ser comedidos e flexibles na entrega das mesmas.
Metodoloxía	Alumnado con conectividade	procurouse elixir plataformas accesibles para todos/as e adaptarnos ás diferentes circunstancias utilizando distintas vías de comunicación. Procurar non duplicar as vías de comunicación a non ser que fose estritamente necesario e dar unha resposta coordinada para facilitar a situación ás familias Explicar ás familias os procedementos a seguir e ensinar como facelo. Procurar guiar ao alumnado no seu traballo e darlles retro-alimentación, algo que nos parece primordial neste momento. Acompañar, motivar e reforzar a actitude e o esforzo do alumnado.
	Alumnado sen conectividade	fíxoselle chegar material impreso e vanse controlando as tarefas a través do whatsapp. Explicar ás familias os procedementos a seguir e ensinar como facelo. Buscar xeitos de guiar ao alumnado no seu traballo e darlles retro-alimentación, algo que nos parece primordial neste momento. Acompañar, motivar e reforzar a actitude e o esforzo do alumnado.
Materiais e recursos		contacto telefónico, Páxina Web do centro Redes Sociais Mensaxería Espazo Abalar Sistema Cisco de Vídeoconferencias correo electrónico persoal, blogue de AL e blogue de PT. grupo privado de FB da Aula Vermella. Para colgar enlaces e materiais de reforzo. Material personalizado para algún alumno/a con neae, que se enviou impreso.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias	O profesorado do ciclo, tras a publicación desta documentación na páxina web do colexio, informará das modificacións realizadas ás programacións e aos mínimos esixibles para a promoción do curso polas canles habituais de contacto coas familias nesta crise sanitaria: • Mensaxería instantánea • Correo electrónico • Video conferencia • Contacto telefónico • Redes Sociais
Publicidade	A páxina Web do noso centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa recollerá na súa páxina principal o enlace para o acceso público aos documentos da programación modificada.

